

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE MAIO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1647/2018.- INDUAMIO, S. L.- Conceder licenza para executar obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 29 (parcela 84 do SUNP-37 -1º SECTOR).

LIC/1649/2018.- INDUAMIO, S. L.- Conceder licenza para executar obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 31 (parcela 83 do SUNP-37 – 1º SECTOR).

LIC/1585/2017.- Mª CARMEN CALVELO CASTELAO (HDROS. E. CALVELO MAZA).- Conceder licenza para a legalización de edificación auxiliar situada na rúa Pai da Cana, 27.

DIS/589/2005.- Aprobar as modificacións orzamentarias derivadas da actualización de prezos do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REMODELACIÓN DO EDIFICIO Nº 9 – 11 DA RÚA GARCIA PRIETO (modificado), presentado pola entidade Arquitav Arquitectos, S. L.

LIC/2008/2018.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS SAN PEDRO DE MEZONZO, 39.- Conceder licenza para executar as obras de eliminación de barreiras arquitectónicas do portal do inmoble sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 39.

LIC/1541/2017.- MERCEDES PEDREIRA ARES.- Conceder licenza para realizar a ampliación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 10/08/2018, á planta baixocuberta do edificio para un uso de vivenda situado na Praza de San Roque, 1.

DESFAVORABLES.-

LAP/215/2017.- HOTEL CORCOVADO, S. L.- Denegar a licenza de obras solicitada para hotel de tres estrelas na rúa de San Pedro, 34.

LAP/488/2016.- JOSÉ NOYA FRAGA.- Denegar a licenza de obras para cambio de uso residencial a uso hoteleiro na rúa do Vilar, 25.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 29 (parcela 84 do SUNP-37 -1º SECTOR). LIC/1647/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar obras para construción dunha nave industrial sen uso definido na rúa Polonia, 31 (parcela 83 do SUNP-37 - 1º SECTOR). LIC/1649/2018. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a legalización de edificación auxiliar situada na rúa Pai da Cana, 27. LIC/1585/2017. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación das modificacións orzamentarias derivadas da actualización de prezos do PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REMODELACIÓN DO EDIFICIO Nº 9 - 11 DA RÚA GARCIA PRIETO (modificado), presentado pola entidade Arquitav Arquitectos, S. L. (DIS/589/2005. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para executar as obras de eliminación de barreiras arquitectónicas do portal do inmovible sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 39. LIC/2008/2018. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para realizar a ampliación da licenza concedida na sesión de data 10/08/2018, á planta baixocuberta do edificio para un uso de vivenda situado na Praza de San Roque, 1. LIC/1541/2017. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza de obras solicitada para hotel de tres estrelas na rúa de San Pedro, 34. LAP/215/2017. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á denegación da licenza de obras para cambio de uso residencial a uso hoteleiro na rúa do Vilar, 25. LAP/488/2016. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa á adscrición temporal á USC para sede dos estudos da especialidade de Odontoloxía do inmovible con referencia catastral 7081606NH3478A0001KE sito na parcela de resultado 4 do parcelamento voluntario OE-5 Galeras. (PTM/34/2019). Acórdase adscribir temporalmente á Universidade de Santiago o citado inmovible, para regularizar a situación actual de uso en precario da Facultade de Odontoloxía por parte da USC sen alterar a titularidade municipal da parcela. A adscrición terá un prazo de dez anos e ten carácter finalista, de xeito que o inmovible só poderá destinarse a Facultade de Odontoloxía.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación das normas de seguridade para a celebración das cacharelas da noite de San Xoán 2019 en espazos públicos e privados. Apróbanse as normas de seguridade para a celebración das cacharelas e/ou sardiñadas de san Xoán. As persoas, organizacións e comunidades deberán presentar a solicitude correspondente no Rexistro Xeral do Concello desde o 27 de maio ata as 14.00 horas do 10 de xuño. Os particulares tamén poderán facer a súa comunicación a través da páxina web do Concello do 1 ao 15 de xuño, ambos inclusive.

12.-Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o Museo do Pobo Galego. Apróbase o convenio, que supón unha achega municipal de 30.000 euros.

15.- Propostas das concelleiras delegadas de Políticas Sociais e de Igualdade relativas á aprobación de convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e diversas entidades de carácter social. Apróbanse os seguintes convenios:

- _Asociación Fonte da Virxe: 3.500 euros
- _ACADAR: 3.000 euros
- _ASPANAES: 3.000 euros
- _Fundación Down Compostela: 10.000 euros
- _Fundación Andrea: 3.000 euros
- _ACEM: 9.000 euros
- _Cociña Económica de Santiago: 60.000 euros
- _Cáritas Diocesana de Santiago: 100.000 euros
- _FEAFES Galicia: 60.000 euros
- _Asociación de Dano Cerebral Sarela: 3.000 euros
- _Escola de tempo libre Don Bosco: 5.000 euros
- _Cáritas Diocesana de Santiago-Vagalume: 30.000 euros
- _Fundación USC Deportiva: 9.000 euros

16.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta.

17.- Dar conta pola concelleira delegada de Benestar Animal da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a fundación REFUXIO DE ANIMAIS 2019. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 200.000 euros.

18.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e o Club de Atletismo FONTES DO SAR para o desenvolvemento da carreira popular nocturna SANTYAGO 10 K. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega municipal de 12.000 euros.

19.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e a fundación GALICIA OBRA SOCIAL relativo á prórroga da cesión gratuita do uso do local sito en Frei Rosendo Salvado, centro sociocultural e xuvenil do Ensanche. Dase conta da prórroga da cesión do local ata o 31 de xuño de 2019.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación do convenio coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí. Apróbase o convenio polo que o Concello fai unha achega de 8.000 euros á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, para o desenvolvemento do programa Vacacións en Paz.

2.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa ao peche provisional do Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel e a súa incidencia sobre o contrato de conserxería e limpeza. Acórdase proceder á redución da facturación de Lecera Servicios y Mantenimiento S.A no contrato de realización do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas municipais no importe de 5.422,97 euros en compensación polo peche do campo de fútbol de Santa Isabel durante un mes.

3.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática para a aprobación da consulta preliminar ao mercado relativa á contratación da prestación do servizo de recollida de lixo e limpeza viaria. Apróbase a proposta.

4.-Proposta de alcaldía relativa á aprobación do expediente e apertura do procedemento de adjudicación do Servizo de Organización da celebración da Festa dos Maiores 2019. Apróbase a apertura do procedemento de adjudicación, mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 23,17 euros/menú, IVE incluído.

5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente, Convivencia e Informática relativa á autorización para a realización de actuacións de modernización, reforma e ampliación do alumeado público. Autorízase á empresa adjudicataria Ferrovial Servicios SA á realización das seguintes actuacións:

_Reforma do alumeado no Cancelón de Sar:4.525,97 euros

_Reforma do alumeado en prazas do Ensanche (praza de Vigo, praza de Ponte Castro e Fonte de Romero Donallo): 9.927,66 euros

_Reforma do alumeado na rúa Outeiro de Sar: 5.746,62 euros